



## **CONCELLO DE SANTISO** (A CORUÑA)

### **BASES II CONCURSO GASTRONÓMICO DE DOCES DO ENTROIDO 2018**



**Con motivo da celebración do Entroido 2018, o Concello de Santiso convoca un concurso gastronómico de doces, con arranxo ás seguintes bases:**

**1ª.** Cada participante poderá participar en cantas especialidades desexe.

As especialidades son as seguintes: filloas, orellas, flores e rosquillas.

**2ª.** A actividade é aberta ao público polo que se poderán achegar todos aquelas persoa que así o desexen, máis para participar no concurso hai que estar empadroado no concello xa que esta actividade está dirixida aos veciños e veciñas de Santiso. Os participantes deben ter máis de 16 anos.

As persoas menores de idade deben achegar os datos dunha persoa maior de idade que exerza como representante legal.

**3ª.** A cantidade mínima de cada especialidade na que se participe será dunha dúcia de unidades ou ½ quilo de produto.

**4ª.** Para poder participar e optar aos premios é imprescindible cubrir a solicitude de inscrición e presentala no Rexistro do Concello, ata o día 7 de

febreiro de 2018 ás 14:00 horas. A persoa que participa deberá acompañar fotocopia do seu DNI.

**5ª.** Existirá unha única categoría competitiva con tres premios de 150, 100 e 50 euros respectivamente.

Os gañadores daranse a coñecer no mesmo día da Festa de Entroido, unha vez rematado o concurso. Os participantes que resulten gañadores recollerán nese momento un vale do premio. Os premiados deberán presentar os vales nos 3 días naturais seguintes na Casa do Concello de Santiso e indicar un número de conta onde desexen que lles sexan ingresados os cartos.

**6ª.** O fallo do xurado será inapelable e este estará composto polas seguintes persoas:

1.- María Jesús Rivas Moscoso

Suplente: Nicolás Castro Seoane

2.- María Carmen Pulleiro Guerreiro

Suplente: Antonio Pazo Vázquez

3.- Cristina Tato Míguez

Suplente: Teresa Mato Martínez

O xurado valorará tanto a presentación como o sabor.

**7ª.** Os produtos participantes serán doados para a degustación popular posterior ó concurso.

**8ª.** Os produtos entregaranse nun envase adecuado o domingo día 11 de febreiro ás 17 horas no Pavillón Polideportivo de Arcediago.

**9ª.** A participación no concurso supón a aceptación destas bases, sendo a decisión do xurado inapelable, podendo declarar desertos aqueles premios, en calquera das modalidades, que non cumpran cos requisitos e calidades mínimas.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

Para o non regulado nestas bases estarase ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Organiza Concello de Santiso. Concellaría de Cultura**





**CONCELLO DE SANTISO** (A CORUÑA)

**SOLICITUDE DE INSCRICIÓN**

**II CONCURSO GASTRONÓMICO DE DOCES DO ENTROIDO 2018**



D/Dona. \_\_\_\_\_

DNI: \_\_\_\_\_

Tel.: \_\_\_\_\_

Parroquia: \_\_\_\_\_

**Especialidades nas que se inscribe:**

1.- \_\_\_\_\_

2.- \_\_\_\_\_

3.- \_\_\_\_\_

4.- \_\_\_\_\_

**Santiso, ....., de febreiro de 2018**

**Asinado:**